

# Día mundial do acollemento familiar

31 DE MAIO



# Que é ACOUGO?

ACOUGO é unha asociación galega sen ánimo de lucro que cre na importancia do acollemento familiar e esforzase por promovelos. Esta iniciativa naceu das propias familias acolledoras e está centrada no interese superior da infancia, no dereito de todos os nenos, nenas e adolescentes a medrar nunha familia, xa sexa a súa familia biolóxica ou nunha familia de acollida. O labor que realizan as familias acolledoras é fundamental para que estes nenos e nenas medren nun ambiente seguro, e é importante que se lles brinde o apoio necesario para poder desenvolver o seu labor da mellor maneira posible. Ademais, a asociación ten como obxectivo sensibilizar e formar á comunidade na protección da infancia e adolescencia, e prestar ás familias acolledoras o apoio que necesiten.



# Día Mundial do Acollemento

En España, máis de 40.000 crianzas atópanse baixo algunha medida de protección. Dentre elas, preto de 17.000 están a medrar en centros residenciais e 1.177 teñen menos de 6 anos.

O acollemento familiar representa unha alternativa vital para que poidan medrar nun ambiente familiar amoroso que lles brinde atención, coidado e acompañamento durante o tempo que necesiten..

*Visión de futuro*



*Medrar en familia*




*Atopar un sitio para medrar*



Dende Acougo enfocámonos en garantir que se cumpran as metas que existen para o acollemento familiar en España, entre as que se inclúen:

- **Promover** o acollemento familiar, en todas as súas modalidades (que cada vez son máis), como medida prioritaria e preferente fronte a outras alternativas de protección, como a institucionalización.
- **Proporcionar** un apoio e seguimento adecuado ás familias acolledoras, incluíndo formación, asesoramento e recursos necesarios para o desempeño do seu labor, para que poidan ofrecer un ambiente seguro e afectivo ás persoas acollidas.
- **Garantir** a atención individualizada e participación activa das crianzas en todos os procesos de toma de decisións relacionados co seu acollemento e o seu futuro, ademais de asegurar o respecto aos seus dereitos en cada momento do proceso.
- **Facilitar** a reunificación familiar sempre que sexa posible e vaia a favor do interese superior da infancia.
- **Garantir** a supervisión e o seguimento continuo dos procesos de acollemento, para asegurar o benestar e a protección das crianzas e adolescentes.
- **Promover** a sensibilización e concienciación social sobre a importancia do acollemento familiar e a protección da infancia.



# Como podo axudar?



## 3 CARIÑAS SORRIENTES

Debuxa 3 cariñas sorrintes nas  
puntas dos teus dedos índice,  
corazón e anula



## DEIXA VOAR A TÚA IMAXINACIÓN!

Fai unha foto creativa e bonita




## COMPARTE SEN PARAR

Comparte a foto nas túas redes  
sociais cos hashtags



1. INVITA Á TÚA COMUNIDADE A UNIRSE APOIANDO O ACOLLEMENTO FAMILIAR EN ESPAÑA.
2. ETIQUETA A [@ACOUGO.GAL](https://www.acougo.gal) NAS TÚAS PUBLICACIÓNS.
3. **COMPARTE** A TÚA EXPERIENCIA SE ES FAMILIA DE ACOLLEMENTO OU COÑECES A ALGUÉN QUE O SEXA
4. NON ESQUEZAS INCLUÍR AS INSTRUCIÓNS DA INICIATIVA PARA QUE TODOS POIDAN PARTICIPAR E UNIRSE A ESTA CAUSA TAN IMPORTANTE.
5. É RESPONSABILIDADE NOSA, COMO SOCIEDADE, PROMOVER A PROTECCIÓN E O BENESTAR DOS NENOS E NENAS EN ACOLLEMENTO FAMILIAR

**E**  
**ADEMAIS**





acougo.gal

Seguir

Enviar mensaje



285 publicaciones

1224 seguidores

532 seguidos

Acougo Acougo

Familias acolledoras de Galicia

Correo

info@acougo.gal

Páxina web

acougo.gal

alexfdzr, coachingyca, pattywareham y 7 más siguen esta cuenta




AMIGA DO A...



conferencia



CULTURAL




actividades v...



instantes



e. amigas aco...




Día de Reis

PUBLICACIONES

REELS

ETIQUETADAS



<https://acougo.gal>



@acougo.gal




Rúa Manuel María, 6  
15705 – Santiago de Compostela



+34 622 672 188

# Contacto



**GRAZAS POR  
PARTICIPAR**

